

RAFAEL FERNÁNDEZ LORENZO

Case tres mil reclusos enchen na actualidade os cárceres galegos, a maioría deles menores de trinta anos. Son cifras reveladas hai uns días por un programa de Televisión Galega.

Xosé Ballesteros afronta este actual problema na súa primeira novela *Talego*, galardonada co premio "García Barros" 93, achegándolle ós neófitos cidadáns ese mundo de "lenta eternidade" que se fragua nas entrañas da "fábrica do interno". Un mundo esquecido pola sociedade mediante un sofisticado sistema de autodefensa que afasta das mentes as teimas inconsecuentes mentres non crucen de cheo polas nosas vidas.

O libro de Ballesteros fai unha análise das carencias da sociedade, revelando cunha linguaxe tremendamente poética nalgúns casos as lacras que hoxendía florecen no asfalto das nosas cidades. Pero non se limita a enumerar como un xinete apocalíptico estas deficiencias, senón que denuncia ós responsables das mesmas. As primitivas e caducas estruturas que provocan na mocidade unha apatía e un descontento que vé dúas vías como única alternativa. A primeira é achantar e selar mensualmente o esperanzador cartón do "paro". A segunda, a rebelión. Así é como algúns inconformistas rachan coa Lei establecida e atentan en contra da Orde imposta, delinquindo e habitando no prohibido:

"Somos os tolos, os poetas peóns sen carreira nen oficio, que rachan cos horarios, que rachan calendarios, que pintan ilusións nas paredes urbanas..." Pero todos estes soñadores son un perigo para a Orde establecida. Así que son perseguidos, apresados e aillados do mundo. Conclúe desta maneira a roda habitual do conformismo inamovible que non se ergue se non é para mudar de cadeira. O libro consta de dúas partes ben diferenciadas. Nunha delas narra os motivos que levan a un grupo de amigos a introducirse no mundo das drogas.

O "paro" e a falta de expectativas guíndaos directamente nos lares descoñecidos e tabúes do prohibido. Decía Nietzsche: "Debruzarvos nos brazos do prohibido, pois desde sempre o que se prohibiu foi sistematicamente a verdade".

A outra parte do libro e moi sobrecolledora. O protagonista Xosé Ford sinte na alma un desacougo inmenso e fica comesto pola soidade dentro daquel cárcere no que terá que sobrevivir.

Arredor do talego

Os capítulos debidamente alternados fannos recuar nalgúns casos na lembranza do protagonista, conseguindo deste xeito enriquecer a novela cos pequenos matices que van incrementándose paseniñamente na mesma.

O longo de todo o libro pálpase a realidade e a sensibilidade coa que o autor relata os feitos, semallando máis un acontecemento verídico, un chisco alterado, que unha ficción sen fundamento.

Falei antes da linguaxe poética que nalgúns casos se reflecta no libro. Pois ben, ratifico esta primeira apreciación, engadindo ademais a capacidade metafórica na que Ballesteros se recrea, amosando unha notable aptitude creativa fóra de toda dúbida.

Tamén cabe salientar a minuciosa descripción das personaxes e o entorno no que se desenvolven, pois acada unha perfecta simbiose en consonancia coa linguaxe empregada.

Moitos son os temas candentes dos que fai mención Ballesteros ó longo da súa obra. A familia rota e separada por un fillo enganchado na droga. A obxeción de conciencia e o servizo militar. O erradío e precario funcionamento das "institucións". Etc.

Pero o eixo central do libro somos nós mesmos, a sociedade. Dicía Séneca: *Ad coetun geniti sumus*, "o home foi creado para a sociedade". Ela ocúpase de aportar as circunstancias precisas para facer do home un lobo para o home. Xosé Ballesteros consegue resucitar con esta novela un morto que existe e que ninguén quer velar.

Ballesteros, Xosé: *Talego*. Edicións Xerais. Col. "Narrativa". Vigo, 1993. 155 páxinas.